

NOTA DE PRENSA

A Casa de la Troya inicia mañá martes o seu horario habitual de verán, con visitas guiadas á vella pensión de estudantes

Continúan os roteiros culturais teatralizados polo centro histórico de Santiago e o museo todos os venres ata principios de setembro

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2018 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa de la Troya inicia mañá martes, 17 de xullo, o seu horario habitual de verán. Poderá visitarse durante toda a semana de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas (os venres prolóngase ata as 22:00 horas). O museo pecha os domingos e os luns. E este horario manterase ata principios de setembro.

Os que se acheguen ao Museo Casa de la Troya terán a oportunidade de seguir as explicacións das guías pola vella pensión de estudantes que inmortalizou Alejandro Pérez Lugín na súa novela homónima. Tal como lembra **Benigno Amor**, director do museo e presidente da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos, entidade que xestiona o museo, “as visitas son guiadas e teñen unha duración aproximada de entre vinte e vintecinco minutos, en grupos de quince persoas máximo”.

Durante todo o período estival manterase ademais a actividade dos *Venres Troyanos*, que se poñía en marcha o ano pasado con grande éxito entre público de todas as idades e retomábase en maio para continuar con esta experiencia ata finais de xuño. Pero a boa acollida da iniciativa obrigou aos seus promotores a ampliála durante todo o verán, ata a primeira semana de setembro. En xullo celebrábase os días 20 e 27, en agosto todos os venres e en setembro o primeiro venres do mes.

“Trátase de roteiros culturais teatralizados por diferentes rúas e prazas do centro histórico de Compostela, seguidos dunha visita ao museo, co fin de contextualizalo no marco da cidade e do seu tempo” -explica **Amor**-. “Pretendemos que a experiencia resulte interesante e entretida para un público moi diverso. Destacamos o caso particular das familias, que están a ter unha gran presenza nestas ruta” -salienta-.

Estes roteiros dramatizados pola cidade histórica, realizados en colaboración co Concello de Santiago, parten dende a praza do Toural. A duración aproximada do percorrido e da visita ao museo é de unha hora e media, dende as 20:30 ata as 22:00 horas. O número máximo de participantes por cada visita é de 15 e ten un custo de 5 euros por persoa. A inscrición pódese facer chamando ao museo (**981 585 159**).

Nesta actividade búscase combinar a información cultural e histórica co humor. O guía caracterízase como un personaxe da novela *La casa de la Troya* de Pérez Lugín, que ademais vencella os lugares que se visitan coa trama do libro. Trátase de **Suso Martínez**, historiador, guía turístico, divulgador e actor especializado na historia de Galicia. Fai a ruta caracterizado como o personaxe de Barcala, que “representa ao estudante troiano”.